

EVOLUCIÓN E ESTRUCTURA DO TRABALLO FEMENINO EN GALICIA (1976-2016)

M^a Soledad Otero Giráldez, Albino Prada Blanco

Universidad de Vigo

1. CAMBIOS NA ACTIVIDADE DA MULLER

Na actualidade¹ a poboación femenina en Galicia xa representa mais da metade da poboación total así coma do paro estimado (53,3%), hai só dúas décadas o peso das mulleres na cifra de paro só acadaba o 35%. Este notable incremento non é mais que a punta dun iceberg que ten na súa base diversos cambios -e non todos na mesma dirección- nos seus comportamentos e actividades.

Cadro 1: Mercado de traballo en Galicia (1976-1996)

	1976	1976	1996	1996
	Total	femenino	total	femenino
POB TOTAL	2696	1395	2716	1460
POB 16	2040	1098	2283	1199
ACTIVOS	1216	498	1115	465
agrarios	582	312	225	113
n/agrarios	634	186	890	352
INACTIVOS	789	599	1188	742
labores	428	428	292	292
estudian	99	50	247	123
xubilados	199	100	565	282
OCUPADOS	1196	491	914	350
agrarios	576	312	216	108
n/agrarios	620	179	698	242
NASALA²	747	377	400	170
ASALA	449	114	514	180
servicios	211	68	320	151
industria	166	46	121	27
construc	72	1	73	2
PARADOS	20	7	212	113

Fonte: Elaboración propia sobre EPA (cifras en miles)

¹ En xeral neste epígrafe cfr. Cadro 1.

² Diferencia entre as ocupadas e as asalariadas.

Así, na década dos setenta, as actividades que -por orde de importancia- ocupaban as mulleres maiores de 16 anos no noso país eran: labores domesticas (428.000), agrícolas (312.000) e actividades non agrarias (186.000); o resto ou ben contaban como xubiladas (100.000) ou ben coma estudantes (50.000). A situación a día de hoxe ten variado radicalmente a pesares de só ter aumentado en cen mil a cifra de mulleres potencialmente activas:


1. As actividades non agrarias teñen pasado a concentrar a cifra maior (352.000) mentres que as agrarias pasan a ser o grupo menos³ numeroso (113.000), co que as primeiras de representar nos anos setenta o 37% das activas hoxe xa son mais do 75%.

2. Non é menos importante destacar como as mulleres que declaran ter coma ocupación exclusiva as labores da casa teñense reducido a menos de 300.000. Este grupo de ser o 71% do total de inactivas pasou a ser só o 39%.

3. Esta perda de importancia contraponse co aumento da poboación dependente dos servizos públicos. No caso das mulleres multiplícouse por 2,5 o número das que estudian o se atopan xubiladas.

O resultado agregado vai ser, en Galicia, a redución⁴ da oferta de traballo total femeniño (do -6%) que contrasta coa forte presión que supón ésta no mercado de traballo español no mesmo período (cun + 63%). O que, ademais, explicaría que o carácter procíclico da devandita oferta de traballo observable no conxunto estatal -mais acusado p.exe. en Cataluña- o sexa moito menos no caso galego tal como visualiza o Gráfico 1.

Gráfico 1: Ciclo económico e actividade feminina



Fonte: Elaboración Propia sobre EPA (activas en medias móviles) e CNTR

³ Cfr. Otero, M. (1996) que analiza os factores explicativos do descenso da taxa de participación feminina agrícola e o paralelo aumento da non agrícola. No Cuadro 1 observase como a taxa total de actividade feminina pasa do 45 ó 38% e a de participación do 35 ó 31%.

⁴ Reducíndose a taxa de actividade e a de participación feminina por baixo da media.

Nunha avaliación verbo de dúas CC.AA. de útil referencia⁵ para o caso galego - Extremadura e Cataluña- podemos observar claras disparidades (Cadro 2).

Cadro 2: Activas e Inactivas segundo CC.AA.

	1976			1996		
	Galicia	Extrem.	Cataluña	Galicia	Extrem.	Cataluña
AGRARIA	28	6	1	9	1	1
n/AGRARIA	17	16	28	29	30	41
LABORES	39	62	56	24	40	28
XUBILADAS	5	11	10	23	21	19
ESTUDIANTES	9	4	3	10	7	7

Fonte: EPA e elaboración propia, cifras en porcentaxes

En primeiro lugar como, a pesares do semellante peso do sector primario en Extremadura e Galicia, o papel da muller é radicalmente distinto: a agricultura familiar galega fai que a EPA anote activas agrarias, mentres que no caso extremeño anótaas nas labores da casa. Pero tamén observamos como verbo dunha estrutura sectorial da economía rexional moi distinta -caso de Cataluña- o sustantivo é anotar como Galicia converxe no caso de labores da casa (do -17% pasa ó - 4%) pero non no peso das actividades non agrarias. Os dous rasgos estilizados descritos suceden ó mesmo tempo que se produce un forte axuste -a un tercio- do peso da ocupación agrícola feminina en Galicia que é -e era xa no 1976- residual nas dúas CC.AA. seleccionadas.

2. A DEMANDA DE TRABALLO FEMENINO

Diante desta oferta decrecente, vexamos agora como se ten comportado a demanda de traballo feminino en Galicia. O sector agrario deixa de ocupar 204.000 mulleres o que vai implicar unha traslación neta de 171.000 a sectores non agrarios. Decir, de entrada, que a demanda do sector manufactureiro e dos servizos vai ser insuficiente para absorber esta cifra o que vai provocar que o número de paradas (non agrarias) aumente en 103.000.

Cifra que situa, ó cabo do periodo, a taxa de paro feminino galega por riba (24%) da xa abrumadora media total (19%) e que se nutre especialmente daquelas que non asumen as labores domésticas como tarefa estable e/ou as que rematan os seus estudos; factores que explican a maior taxa de paro feminino neses intervalos de idade. Anotada esta insuficiencia o resto será absorbido polas actividades do sector servizos que pasan a empregar 83.000 mulleres mais.

Pero denantes de precisar as características da evolución das mulleres ocupadas na economía de Galicia paga a pena comentar unha paradoxa derivada da propia metodoloxía da EPA: mentres a taxa de paro feminino non agrario se sitúa no 31% a taxa de paro feminino na agricultura faino só no 4%. Este resultado é, en principio, enigmático cuando sabemos que, nun caso, se demanda cada vez mais traballo e, no outro, se destrúe emprego acelera-

⁵ Extremadura é unha Comunidade Autónoma cun importante compoñente agrario. No extremo oposto sitúase Cataluña. Segundo un *Índice de Similitud de Estructuras Productivas Regionales*, Díaz y Taguas (1995), serían as CC.AA. mais e menos semellantes á galega respectivamente.

damente⁶. Agora ben, este aparente contrasentido só pode entenderse se, coma xa sinalamos, a oferta (as mulleres que queren traballar fora da casa e do campo) aumenta mais que a demanda -nun caso- e -no outro- a redución da oferta (éxodo rural) é caseque idéntica⁷ á da demanda.

A enorme diferenza entre paro agrario e non agrario en Galicia explicaría, ademais, que a taxa feminina total galega esté por baixo da correspondente media española; debido ó peso das mulleres na ocupación agraria que *suavizaría*⁸ a taxa galega.

Este trasvase de traballo feminino dispoñible tería modificado radicalmente a estrutura sectorial do mesmo producíndose un cambio estrutural no ano 1990 (data na que os servicios superan a agricultura en mulleres ocupadas por vez primeira). Neste contexto imos precisar algunhas características das mulleres que atopan ocupación non agraria (63.000) neste período. Sobre todo chama a atención que o 76% do emprego xerado en Galicia pola chamada *terciarización*⁹ foi absorbido por mulleres.

Conecta esto coa eventual substitución, Hammers (1989)¹⁰, de servicios denantes suministrados no fogar polas mulleres (coidado dos nenos, restauración, atención dos vellos, etc.) por servicios adquiridos no mercado pero realizados por man de obra feminina (guarderías, hostelería, asistencia social). O Gráfico 2 recolle o sucedido nas CC.AA. españolas; semella visualizarse a hipótese de que cuanto maior é a caída das inactivas adicadas ás labores da casa maior é o crecemento da ocupación feminina no sector servicios

Polo contrario, chama a atención o feito de que na industria a destrución de emprego afecte -neses vinte anos- con dobre intensidade á ocupación feminina (- 19.000); é posible que a súa ubicación nos sectores mais sensíbles na última crise (textil, conservas, etc.) ou que -complementariamente- a mais intensa mecanización e/ou automatización das ramas que ocupaban mais forza de traballo feminina sexan a causa.

⁶ Convén precisar que -con todo- menos que no conxunto da agricultura española.


⁷ A fonte (EPA) tanto para homes como para mulleres nunha agricultura familiar como a galega dificilmente identifica parados no sector e no mundo rural: ou hai ocupadas (1 hora na semana anterior p.exe. como *axudas familiares ou conxugues*) ou hai inactivas. Non sucede isto nunha agricultura moderna, por eso a taxa de paro agrario noutras CC.AA. é superior á galega.

⁸ Linares, M.D. (1996) p. 93 utiliza esta expresión. E, en efecto, comprobase que entre 1976-96 o peso da ocupación feminina agrícola se asocia positivamente cunha menor taxa de paro feminino en relación á media española

⁹ Proceso que, por exemplo, en España explica a creación neta de emprego no período e que en Galicia non foi suficiente para absorber o destruído noutros sectores a pesares da comentada creación de 83.000 postos de traballo para as mulleres nos servicios.

¹⁰ Neste traballo prantéxase que, en certo senso, o crecemento dos servicios sería ficticio: substituíriáanse actividades que non contan no PIB por outras que -cubriendo semellantes necesidades- sí o fan.

Gráfico 2: Labores de Casa e Ocupación Terciaria Femenina



Fonte: Elaboración propia sobre EPA

Nembargantes, na limítrofe rexión Norte de Portugal as manufacturas semellan ter sido un destino privilexiado para as mulleres que abandonan o mundo rural e agrario. Así, cunha poboación feminina de máis de 16 anos semellante (1.200.000 e 1.500.000) en Galicia traballan nas manufacturas dez veces¹¹ menos mulleres que no Norte de Portugal. Non debendo extranar que a produtividade aparente dos sectores manufactureiros (alimentación, textil, etc.) duplique¹² en Galicia o valor da rexión norte do país veciño. Unha posible explicación deste fenómeno pode deberse ó feito de que en Portugal¹³ se manteñan e impulsen actividades de baixa cualificación que absorberon -en grande medida- ás traballadoras desprazadas das actividades agrícolas.

3. ACTIVIDADES E DEMANDA EN PERSPECTIVA

As proxeccións demográficas elaboradas polo Instituto Galego de Estadística¹⁴ estiman que nos próximos vinte anos se reducirá lixeiramente a cuantía e peso da poboación feminina galega. A que é directamente relevante para nós (> 16 anos) practicamente non vai ter modificacións nin no caso dos homes nin no das mulleres.

Esta estabilidade contrasta co crecemento que se está a rexistrar noutros espazos e, para nós, reduce o impacto que se produce sobre a oferta de traballo. Aínda que aquela estabilidade e este reducido impacto demográfico poden coexistir con modificacións importantes (por exemplo na estrutura por idades da poboación potencialmente activa) que sí afectan a

¹¹ Son 27.000 fronte a 250.000 o que supón un apenas 8% do total de ocupadas fronte a un 35%.

¹² Facal, X.L. e outros (1996) p. 328-29.

¹³ Portugal distínguese dos países europeos máis desenrolados por ter un menor crecemento da produtividade do traballo, o que se asocia cunha maior participación deste factor no crecemento; tamén por ter alzas dos custos laborais por baixo do crecemento da produtividade do traballo, gracias ó mantemento e desenrolo de tecnoloxías de baixo custo (Galí e outros, 1996).

¹⁴ Cfr. IGE (1996), en todo este apartado ver Cadro 3.

estructura da oferta de traballo. E nótese que este tipo de cambios poden ter maior intensidade nunha situación demográfica regresiva como a galega que noutras máis dinámicas (p.ex. Norte de Portugal).

Sobre esa base nós engadimos a hipótese de converxencia en Galicia, para o ano 2016, coa taxa de actividade media feminina da UE-15 na actualidade (45,1 %)¹⁵. Debe terse en conta que si ben este escenario supón moverse -dende o 38,6% actual- na dirección contraria dos últimos vinte anos, non debe esquecerse que é o referente europeo pero tamén p. ex. o da rexión Norte de Portugal que xa no ano 1992 situaba a taxa de actividade feminina no 51,1 % (e xa sabemos que non é debido a actividade agraria).

Esto así, cabe esperar a incorporación de 74.000 mulleres o mercado de traballo galego nos próximos vinte anos, proceso que supón invertir a tendencia decrecente rexistrada ata hoxe. Máis importante é sinalar que buscarán incorporarse a actividades non agrarias unha cifra moi superior (130.000). Pois no que atinxe ás agrarias é razoable supor que continuará o axuste tendencial revisado máis atrás e, cunha taxa de variación anual acumulativa do -3,4 % para o período 76-96, se reduzan a metade das existentes na actualidade (- 56.000). O perfil da oferta de traballo quedará así decantado cara as actividades non agrarias.

Nun escenario de poboación potencialmente activa estable só é posíbel o aumento da oferta de traballo (e da taxa de actividade) si os grupos inactivos se reducen. No noso caso a redución en 86.000 das mulleres inactivas derivase fundamentalmente da tendencial redución da ocupación doméstica (- 93.000) así como da redución á metade do colectivo de estudantes (- 65.000), en sentido contrario actúa o envellecemento co aumento dos pensionistas (+ 41.000).

Cadro 3: Mercado de traballo en Galicia (1996 - 2016)

	1996	1996	2016	2016
	total	Femenino	total	femenino
POB TOTAL	2716	1460	2638	1358
POB 16	2283	1199	2300	1195
ACTIVOS	1115	465	1269	539
agrarios	225	113	87	57
n/agrarios	890	352	1182	482
INACTIVOS	1188	742	1031	656
labores	292	292	199	199
estudian	247	123	119	58
xubilados	565	282	553	323
OCUPADOS	914	350	1142	485
agrarios	216	108	87	57
n/agrarios	698	242	1055	428
PARADOS	212	113	127	54

Fonte: Elaboración propia sobre EPA (cifras en miles)¹⁶.

Singularizar o feito de que a forte redución do colectivo de estudantes (entre 15-24 anos) non ten nada que ver cunha eventual redución das taxas de escolarización nos niveis

¹⁵ Cfr. EUROSTAT (1995) p. 74-75. Tamén para o ano 1995 a taxa de actividade total estaba no 55,2 %.

¹⁶ Hipótesis de traballo: converxencia no final do período coas taxas de actividade e paro medias da UE-15 no 1995(cfr. Texto).

educativos afectados senón cun rasgo demográfico sintomático: a intensa¹⁷ redución da poboación mais nova nos próximos vinte anos.


Fronte a esta estrutura da oferta de traballo as estimacións da demanda total poden farse depender dun obxectivo razoable para a taxa de paro. Si no noso caso, e para o remate do período de 20 anos (ano 2016), quixésemos acadar unha taxa coincidente coa media actual da UE (do 10% no 1995)¹⁸ a ocupación debera situarse nos 485.000 para as mulleres e en 1.142.000 no total.

Mantemos a tendencia no axuste da ocupación agraria (-3,4 % anual para as mulleres e do -4,6 % para o total) sin esquecer que aínda así aquela se situaría no ano 2016 no 8 % do total, mentres xa no ano 1994 era só do 12 % na limítrofe rexión Norte de Portugal. Xa que logo o escenario bascula cara o comportamento da demanda dos sectores non agrarios que deberan crear 360.000 empregos nos próximos 20 anos (18.000 anuais). Para o conxunto dos sectores o escenario supón pasar de destruír 280.000 empregos nos últimos vinte anos a crear 228.000 nos vindeiros.

No que atinxe especificamente a demanda de traballo feminino tamén se require un xiro espectacular: de caer en 140.000 nos últimos vinte anos a aumentar nesa cifra nos próximos. Este xiro descansa tamén na súa componente non agraria pois son esos sectores os que deben xerar 10.000 empregos netos anuais. Só así poderá conquerirse un dobre obxectivo: converxer a longo prazo coa taxa de actividade media da UE e reducir á metade a actual taxa de paro sen que discrimine, como fai hoxe, por sexos.

Podemos rematar sinalando como entre o comezo e o remate do extenso período analizado (1976-2016) en Galicia cunha semellante poboación feminina en idade de traballar (6 redor das 1.100.000), a súa composición é -e serao mais no escenario definido- completamente distinta no que atinxe as súas actividades (Gráfico 3).

Gráfico 3: Estructura e evolución da poboación feminina (1976-2016)



¹⁷ Cfr. INE (1995) "Proyecciones de la población de España...", estima que Galicia no 2005 será a CC.AA. española cun menor peso da poboación de menos de 15 anos (p.106).

¹⁸ Outros analistas teñen plantexado o mesmo obxectivo para unha data mais cercana: o 2005; cfr. Linares, M.D. (1996) p. 96-97.

As labores domesticas e agrícolas das mulleres galegas perden a hexemonía que tiñan no ano 1976 en favor das ocupacións non agrarias e das pensionistas. As actividades terciarias tanto privadas como públicas e -moito menos- as manufacturas serán - xa o están a ser - as protagonistas desta rotunda transformación estrutural.

BIBLIOGRAFÍA

- Consejo Económico y Social (1994), "Informe sobre la situación de la mujer en la realidad socio laboral española", *Colección Informes* nº 3.
- Díaz, A. y Taguas, D. (1995), *Desagregación sectorial y regional del VAB. El grado de especialización de las regiones españolas*, Documento de Trabajo 95008, D.G.P. Mº de Economía y Hacienda.
- Eurostat (1996), *Regiones, Anuario Estadístico. Serie 1 A.*
- Facal, X.L. y otros (1996), "Galicia y la Región Norte de Portugal", *Papeles de Economía Española*, CC.AA. (Galicia), nº 16, pp. 323-353.
- Galí, J. y otros (1996), *La Economía Española: Una visión diferente*, Antoni Bosch editor. Barcelona.
- Hammers, D.L. , Rosa, J.J. y Grubel, H.G. (1989), *The National Accounts Household and Service Consumption and its Monetization*, *Kyklos*, vol. 42.
- IGE (1996), *Proxección da poboación de Galicia 1991-2026*, Consellería de Economía e Facenda, Santiago.
- Linares, M.D. (1996), "Actividad, ocupación y paro: evolución y características", *Papeles de Economía Española*, CC.AA. (Galicia), nº 16, pp. 82- 97.
- Otero, M. (1996), "La participación femenina gallega en el mercado laboral", *Papeles Economía Española*, CC.AA. (Galicia), nº 16, pp. 98- 106.